

ACTA

Reunión Urxente e Extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO

Horario de intervención: das 10.30h do ata ás 14.00h do 09/06/2023 para as votacións

Lugar: Modalidade de votación non presencial a través da vía telemática

RELACIÓN DE PERSOAS CONVOCADAS

Miriam Rodríguez Sierra

Antonio Doval Canabal

Ana María Rodríguez Fernández

María Rosario Capelo Casas

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

Elena Gómez Fernández

Pablo Antelo García

Laura Zapato Criado

Adriana Vieites Freire

ORDE DO DÍA

- 1- Aprobar se procede documento para enviar o OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO, para participar na elaboración do primeiro PROTOCOLO DE COORDINACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO NA CCAA DE GALICIA.

A Xunta de Goberno apróba por maioría de 6 votos a favor e 4 abstencións.

Engádesse á acta como ANEXO I

O PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En traballo conxunto con colexiadas que traballan no eido da Violencia de Xénero dende o COTSG facemos as achegas propostas:

En relación o proceso a figura da TRABALLADORA SOCIAL debe ser unha referencia durante o proceso. As vítimas deben ser informadas, asesoradas e acompañadas por unha Traballadora Social durante o proceso de toma de decisións. No actual momento non se está a facer por falta de profesionais do Traballo Social nos CIM. Polo que vemos necesario a inclusión de profesionais do Traballo Social nos CIM.

Para o proceso unha vez que a vítima denuncia consideramos necesario que as forzas e corpos de seguridade do estado activen a quenda de garda social, para que un profesional do Traballo Social poda atender, asesora e acompañar e de ser preciso xestionar o ingreso na Rede Galega de Acollemento.

As/os profesionais que atenden este tipo de casos deben ter unha formación ampla e específica para entender o estado emocional da vítima. E saber abordar o impacto da situación tanto na vítima como nas súas crianzas se é o caso.

En canto a documentación entregada as vítimas de violencia de xénero, é imprescindible que esta documentación sexa de lectura fácil, tanto por casos de dificultades lingüística como por persoas con discapacidade intelectual.

No documento existe nalgún punto o uso de linguaxe sexista, o utilizar o termo “os menores”, sería máis axeitado utilizar termos xenéricos como crianzas.

O protocolo centrase en resolver a situación de urxencia, pero tamén vemos necesario todo o proceso posterior. Ocuparse da reparación do dano causado e ofrecer recurso de apoio para a reparación.

Os Centros da Rede Galega de Acollemento posúen información da situación familiar tras o ingreso por urxencia, e nalgúns casos expediente previo, que pode accederse a

información as 24 horas. En diferenza dos CRI que coordina o ingreso pero a información recollida habitualmente é escasa.

Aportacións por puntos do protocolo:

- No punto 2 referido a obxectivos e principios de actuación cremos que falta as actuacións en materia de reparación .
- No punto 3 referido a metodoloxía, debería contar nos subgrupos técnicos coa RGA e con entidades especializadas noutras realidades tales como migración ou discapacidade.
- No referente ao punto 4 vemos a necesidade de que as campañas puntuais non están dando o resultado esperado, polo que pensamos que é preciso deseñar actuacións a nivel escolar para educar e concienciar dende a base.
Na sensibilización por áreas de intervención, é preciso que os profesionais da saúde, eviten diagnose de saúde mental en trauma relacionados coa violencia de xénero, e en crianzas que soen rematar coa diagnose dun TDHA.
Os profesionais do dereito, tanto xuíces como avogados/as tamén deben ter unha formación específica.
Para os profesionais do eido social ter información de acceso a toda a rede de recurso.
- En canto o punto 5 do protocolo de actuación, cando a vítima non denuncia debe ser derivada ao CIM, onde se poden facer seguimento a situación, e velar polos/as nenos/as se é o caso da situación.
No caso de que a situación leve ao non regreso ao domicilio, facer a recollida de pertenzas persoais e documentación, acompañada de profesionais do eido social. E sempre planificada
Na área xurídica é necesario axilizar os procesos para evitar prazos longos que non benefician a situación das vítimas.
As derivación a centros RGA deben ser realizadas por profesionais do Traballo Social, que teñen capacidades diferentes aos integrantes dos corpos e forzas de seguridade do Estado.
Garantir a atención destes profesionais as 24 horas do día.

Proposta de melloras:

- A creación dun servizo de acompañamento emocional de apoio as vítimas de violencia de xénero.
- Que as forzas e corpos de seguridade do estado conten con equipos formados por Psicólogos/as e Traballadores/as Sociais.
- Necesidade de formación para intervención dende o enfoque do trauma e intervención en crise.
- Fomentar a participación das Mesas Locais de Coordinación.
- Creación de equipos especializados en violencia de xénero a nivel comarcal. Que poidan facer seguimento de casos, e estratexias para abordar a situación dende unha visión global tendo como obxectivo a reparación do dano.

Visto e prace:

A Presidenta

A Secretaria

Asdo: *Miriam Rodríguez Sierra*

Asdo: *Ana Rodríguez Fernández*



Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 326728200: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q1569016G)
o día 06/11/23 cun certificado emitido por: o día 02/11/23 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios AC Representación